

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE MELLORA DA IMAXE PAISAXÍSTICA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

E doutra parte, a **Fundación Juana de Vega** (en adiante, a Fundación), e no seu nome e representación D. José Manuel Andrade Calvo, director da mesma segundo nomeamento efectuado por acordo da Xunta de Padroado o 12 de decembro de 2005, que foi elevado a público xunto co outorgamento de poder ante o notario de A Coruña D. Miguel Jurjo Otero o 9 de outubro de 2006, con número de protocolo 2.604, e inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 20 de novembro de 2006. A Fundación está clasificada como de beneficencia particular docente por Real Orde do “Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, do 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós – Oleiros.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos





EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

SEGUNDO.- Que os Camiños de Santiago supoñen historicamente un constante fluxo de peregrinos e peregrinas que, no seu itinerario cara a Santiago de Compostela, veñen construindo unha cultura común europea ao longo de máis de mil anos de historia en común.

A política desenvolvida pola Xunta de Galicia a principios dos anos noventa do pasado século revitalizou os Camiños de Santiago e fixo que nas últimas décadas estes camiños experimentasen un extraordinario auxe, vivindo un novo tempo de peregrinación, de intercambio de ideas, de culturas e de nacionalidades, que converten aos Camiños de Santiago e a Galicia en elementos referenciais en Europa e en gran parte do mundo.

Non se pode esquecer, ademais da vertente cultural e relixiosa, o efecto económico e xerador de riqueza que supoñen os Camiños de Santiago, especialmente nos anos santos, afectando non só a cidade de Santiago de Compostela senón a todo o territorio galego.

Así, a celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia Comunidade, e leva aparelado un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.





TERCEIRO.- Que a Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que segundo consta nos seus estatutos ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

Entre as liñas de traballo que a Fundación leva a cabo para cumprir co seu obxectivo fundacional, está a liña de paisaxe e territorio que desenvolve a través da ESCOLA GALEGA DA PAISAXE JUANA DE VEGA creada no ano 2008 como órgano interno da Fundación e sen personalidade xurídica propia. Os obxectivos da Escola Galega da Paisaxe son promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola Galega da Paisaxe fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

A Escola Galega da Paisaxe conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos, así como cun Grupo de Investigación formado por expertos en Arquitectura da Paisaxe e Paisaxismo.

Dentro das actividades desenvolvidas pola Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega, destaca a súa traxectoria e especialización na organización de workshops, xornadas técnicas e encontros internacionais nos que participan destacados especialistas de nivel internacional no eido da paisaxe, o patrimonio natural e cultural. O obxectivo destas actividades é estudar diferentes ámbitos do territorio de Galicia da man dos mellores expertos mundiais nas materias obxecto de análise, para formular propostas ou xerar debate ou reflexións que contribúan á posta en valor dos recursos do noso territorio xerando oportunidades que contribúan a mellorar a calidade de vida das comunidades rurais.



CUARTO.- Que o Consello da Xunta, na súa reunión do 23 de marzo de 2017 aprobou o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020.

O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector turístico galego. A súa liña estratéxica 4 é sobre os camiños como dinamizadores do país.

O crecemento do Camiño de Santiago nos últimos anos foi especialmente intenso. Este éxito ven acompañado dun Plan Director do Camiño que o presente plan asume e apoia ata o final do seu desenvolvemento, coa mirada posta no vindeiro ano Xacobeo 2021.

O proxecto a desenvolver a través do presente convenio de colaboración é a eliminación de elementos que deterioran a imaxe paisaxística dos Camiños de Santiago, co asesoramento dos especialistas da Escola Galega da paisaxe, de xeito que se contribúa á mellora dos mesmos e a súa posta en valor turístico entre os milleiros de persoas peregrinas que chegan a Santiago a través das súas distintas rutas, fundamentalmente de cara a preparación do Ano Santo Xacobeo 2021.

QUINTO.- Que a colaboración entre as partes asinantes responde ao interese común na conservación e posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, como recurso estrela da nosa Comunidade Autónoma de Galicia e polo seu decisivo papel como elemento dinamizador da vida social e económica de numerosas localidades de Galicia polas que discorren os itinerarios xacobeos. Esta posta en valor, a través da mellora paisaxística de elementos discordantes coa paisaxe dos Camiños de Santiago, e o atractivo turístico do proxecto constitúen o activo inmaterial que se obtén coa colaboración establecida no presente convenio.

Por este motivo, a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio, por razóns de interese público e social.

Así mesmo, dado o obxecto do presente convenio e que para a súa execución a Fundación aporta a experiencia da Escola galega da paisaxe da que carece calquera outra entidade e unha ampla rede de contactos e expertos nacionais e internacionais no eido do patrimonio cultural e



paisaxístico, e pola dilatada experiencia e especialización neste ámbito, non resultando posible promover a concorrência.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración, atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

1. Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Juana de Vega para a realización do proxecto de mellora da imaxe paisaxística dos Camiños de Santiago a través da eliminación de elementos que a deterioran.

2. No proxecto realizaranse dous tipos de traballos: traballo de campo e traballo técnico de gabinete:

A_ Traballo de campo en tres fases ou momentos:

- Fase 1 (inicio do traballo)

Localización, identificación e toma de datos.

- Fase 2 (xestión da solución)

Contacto cos propietarios ou axentes para transmitir e xestionar a posta en

marcha do tratamento dos elementos identificados.

- Fase 3 (execución dos traballos e dirección de obra)

Dirección dos traballos de execución nos casos que sexa necesario.

B_ Traballo de gabinete



1. Análise da situación do elemento, do seu uso, da súa significación na contorna e das opcións de mellora e integración paisaxística.
2. Realizaranse en gabinete os traballos necesarios para a identificación dos propietarios, e no seu caso, contacto cos mesmos para achegamento da solución adoptada.
3. Representación cartográfica do proxecto ou proposta técnica, cuantificación económica e visualización da proposta adoptada como medio óptimo de transmisión ao propietario.
4. Trámites para a solicitude de licenza pertinente e seguro de responsabilidade civil cando fose necesario.

Segunda.- Orzamento e financiamento

1. O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende 192.956,28€ (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

CUANTIFICACIÓN ECONÓMICA DO TRABALLO TÉCNICO DE ARQUITECTURA DA PAISAXE

1. Traballo de campo:

- Quilometraxe estimado (3200Km x 0,19 €/km) 608 €
- Horas de traballo de campo estimado: 180 h 3.060 €

2. Traballo técnico estudio: 31.800 €

TOTAL TRABALLO TÉCNICO de ARQUITECTURA DA PAISAXE.....35.468 €

CUANTIFICACIÓN MATERIAL (por tipoloxía do elemento)

1. Substitución sinalización (3Ud) Sen coste (admón. competente)
2. Casetas (10Ud) 3.000 €





3. Hórreos (5Ud) 15.000 €

4. Valados (5Ud) 4.000 €

5. Naves (2Ud) 18.000 €

6. Depósito de auga (1Ud) 2.000 €

7. Naves/ edificios a restaurar (7Ud) 45.000 €

8. Palcos da música e contorna (2Ud) 5.000 €

9. Elementos etnográficos rehabilitar (7Ud) 30.000 €

10. Marquesiñas (3Ud) 2.000 €

TOTAL INVESTIMENTO MATERIAL.....124.000 €

TOTAL PROXECTO (SEN IVE).....159.468 €

TOTAL PROXECTO (CON IVE).....192.956, 28 €

2. Do orzamento total, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de **192.956,28€**, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para os anos 2019 e 2020, distribuídos como sigue:

- Anualidade 2019: 88.982,48 euros.

- Anualidade 2020: 103.973,80 euros.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos importes de ambas as dúas anualidades a favor da Fundación, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.



En todo caso, a achega da Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. Compromisos da Fundación:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar na determinación das accións a levar a cabo no citado proxecto.



Cuarta.- Inexistencia relación laboral

A subscripción deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas que realizasen as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Xustificación e pago

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio, e da publicidade da colaboración da Axencia Turismo de Galicia.



- Facturas xustificativas dos gastos realizados.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o 15 de novembro de 2019 e o 15 de setembro de 2020, respectivamente para cada unha das anualidades.

En todo caso, unha vez rematadas cada unha das fases que se establecen nas cláusulas primeira e segunda, e previa presentación da documentación xustificativa prevista no número 1º desta cláusula, realizarase o pagamento do importe correspondente á citada fase, previa comprobación e conformidade das actuacións desenvolvidas.

3º.- A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.



- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en diante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Fundación Juana de Vega

O presidente

O director

Román Rodríguez González

José Manuel Andrade Calvo

